



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 11 - XANEIRO - 06

### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

Correo Electrónico: [ovica@mundo-r.com](mailto:ovica@mundo-r.com)

Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

#### ACTIVIDADES:

##### Asambleas xerais nas ADSG "Saniovicarnoia" e "Sanioviconso".

O luns, día 26 de decembro, celebrouse en Allariz (Ourense) a asemblea xeral de socios da ADSG Saniovicarnoia.

Ó longo da asemblea tratáronse diversas cuestións relacionadas co sector que se poden resumir en:

- Lectura do informe por parte do veterinario responsable.
- Exposición e aprobación das contas da asociación.
- Acordouse estudar a posible ampliación da ADSG ós concellos de Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Espadañedo e Paderne de Allariz.
- Presentáronse as propostas feitas por OVICA á consellería do medio rural para a creación dunha ADSG que abarque o resto da provincia de Ourense.




O mércores, día 28 de decembro, celebrouse en Allariz (Ourense) a asemblea xeral de socios da ADSG Sanioviconso.

- Lectura do informe por parte do veterinario responsable.
- Exposición e aprobación das contas da asociación.
- Presentáronse as propostas feitas por OVICA á consellería do medio rural para a creación dunha ADSG que abarque o resto da provincia de Ourense.

#### NOVAS: Novo número de teléfono gratuito para a Recollida de cadáveres.

A Consellería do Medio Rural implantou un novo número de teléfono gratuito no que se reciben as chamadas para retirada de cadáveres.

900 900 420



Recorte de cornos con gomas de desrabar.

#### RAZAS: Charmoise.



Orixe: Francés, provén do cruce da ovella mestiza con sangue merina, con machos da raza inglesa Romney Marsh

Producción: Definiuse como a máis rústica das razas melloradas para a produción de carne.

#### ATENCIÓN !!!!!!!

##### Colocación de Bolos Ruminais en Machos.

Como sabedes estanse a identificar os machos de ovino-cabrún.

Detectáronse casos de animais que sofren danos, e incluso a morte, ó serlles implantados os bolos de identificación.

SE COÑECES ALGÚN DESTES CASOS PONTE EN CONTACTO CON OVICA.

Precisamos ter datos para facer as reclamacións oportunas.



CAIXA RURAL GALEGA

## COMPRA – VENTA

- Vende 2 cachorros de *Mastín Leonés* – Francisco / Manola – 629756129 / 988466575
- Mércanse 10 ovellas - (A Estrada) – 986 57 32 32
- Mércanse 20 cabras – (Quiroga - Lugo) 636 85 22 40
- Véndense 15 cabras e 1 macho – Gervasio (Lugo) 982 16 06 93
- Véndese herba seca en rolos – Lorenzo (Outeiro de Rei - Lugo) 982 39 32 41

### RAZA OVELLA GALEGA

#### Concurso para a cesión de ovellas galegas na Deputación de Ourense.

O INORDE (Deputación de Ourense) convocou, no BOP do 5 de xaneiro, concurso para a cesión de ovellas galegas para o 2006.

Venda a gandeiros da provincia de:

- Carneiros inscritos no libro xenealóxico.
- Animais descualificados do libro xenealóxico.
- Lotes de cordeiras.

Prezos:

- Para animais non inscritos no libro xenealóxico: prezos de mercado.
- Carneiros inscritos no libro xenealóxico: menores de 6 meses 35 €/animal, maiores de 6 meses 40 €/animal, lotes de 5 cordeiras 200 €/lote. Os pagos faranse por transferencia antes da retirada dos animais.

Compromisos:

- Cordeiras e carneiros inscritos no libro xenealóxico: non sacrificalos nun ano.
- Para solicitatalas é preciso ter un C.E.A.
- Terán prioridade os gandeiros que posúan ovellas inscritas no libro xenealóxico.
- Te—la explotación na provincia de Ourense.
- Transporte por conta do gandeiro.

Solicitudes:

- Durante todo o ano.
- Facilitase o impreso nas oficinas do INORDE.
- Os lotes dos animais inscritos entregaranse preferentemente no mes de setembro.

Lotes:

- Machos inscritos: máximo 2 por solicitante. 1º atenderanse tódalas solicitudes cun exemplar, se sobran, o 2º exemplar.
- Animais non inscritos: 5 animais/solicitud, en caso de poucas solicitudes, sen límite.
- Cordeiras: 5 cordeiras / lote.

### LEMBRADE QUE:

#### Animais vacinados contra a Paratuberculose.

Non se poden vender para vida. Poderíase crear un problema á explotación que os merca.

#### Animais con problemas de clamideas.

Non se deben vender para vida. Se na túa explotación tiveches ou tes problemas de clamideas, tes máis abortos dos normais. Non debes de vender eses animais xa que podes estar contribuíndo a espallar a enfermidade por explotacións que estaban libres deste problema.

### ADSG – OVINO - CABRÚN.

#### OVICA organiza xuntanzas informativas para crear novas Asociacións de Defensa Sanitaria Gandeira de ovino – cabrún en Ourense:

**-XINZO de LIMIA** 16-Xaneiro ás 9:30 na Casa da Cultura do Concello.

**-CELANOVA** 16-Xaneiro ás 19:30 no Salón de Actos .

**-VERIN** 18-Xaneiro ás 9:30 no Salón de Actos da Casa de Cultura, Rúa Irmáns da Salle S/N, Verín.

**-VIANA do BOLO** 18-Xaneiro ás 16:00 na Casa da Cultura, Rúa Ferradal S/N.

**-TRIVES** 18-Xaneiro ás 19:30 na Casa do Concello, Rúa de San Roque Nº 4.

**É importante a asistencia a estas xuntanzas para o futuro do sector ovino – caprino.**

### SANIDADE

#### Desinfección do embigo.

Unha das prácticas que se deben de realizar á hora do nacemento do año ou cabrito é a desinfección do embigo. Esta farase cun spray antibiótico.

É unha práctica barata e sinxela que se debe facer sistematicamente.



Unha infección no embigo pode provocar, a través do cordón umbilical, unha infección no fígado, provocando nel acumulacións de pus como a que se amosa na fotografía. Esta infección pode levar á morte do animal.

